

ARENARIA COORDINACIÓN conmemora o seu 15 aniversario implicando aos sectores social e educativo

A entidade, adicada á realización de actividades educativas centradas na divulgación científica e na educación ambiental, fai un guiño ás entidades que ocupan a meirande parte dos seus servizos.

-- SALITRE --

Con motivo do seu 15º Aniversario, Arenaria Coordinación lanza a segunda edición do concurso **SALITRE** co que pretende involucrar a diferentes centros nunha iniciativa de carácter lúdico educativo.

O vindeiro 9 de abril cúmprense quince anos do comezo da andadura desta entidade e é por iso que promove un concurso, que mistura os ámbitos artístico e científico, destinado a entidades dos eidos educativo e do traballo con persoas con discapacidade.

O obxectivo é resaltar a importancia das relacións con estas entidades no transcurso do tempo e poñer de manifesto a importancia da Ciencia nas nosas vidas, así como a preservación dos océanos e do medio ambiente.

Nesta edición contamos coa colaboración da Fundación P.G. Camilo José Cela que pon os seus espazos a disposición para a realización daquelas actuación que o concurso precise.

OBXECTIVO XERAL

Festexar, de xeito específico cos eidos educativo e do social, o 15º Aniversario de Arenaria Coordinación cun concurso de carácter lúdico educativo e vinculado ao eido do medio ambiente e da ciencia que terá o seu colofón na data do aniversario.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Involucrar na conmemoración aos centros educativos cos que traballamos e outros que desexen participar.

Implicar nesta celebración ás entidades que desenvolven o seu traballo con persoas con discapacidade.

Dar a coñecer a traxectoria vital da nosa entidade a través dunha ferramenta, o concurso, co que implicar aos nosos clientes e a outras entidades interesadas.

Aproveitar o aniversario para seguir destacando a importancia da preservación dos océanos. Fomentar o coñecemento das ciencias mariñas e da conservación dos océanos.

DESTINATARIOS

-] Centros educativos, públicos, privados e concertados, dos niveis educativos de infantil, primaria e secundaria,
-] Centros de Educación especial e,
-] Entidades de carácter social que desenvolvan o seu traballo con persoas con discapacidade.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Comunidade autónoma de Galicia.

CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN

- CATEGORÍA A: de 3 a 5 anos.
- CATEGORÍA B: de 6 a 8 anos.
- CATEGORÍA C: de 9 a 12 anos.
- CATEGORÍA D: de 13 a 16 anos.
- CATEGORÍA E: 17 anos ou máis.

TEMÁTICAS DO CONCURSO, a abordar nos traballos elaborados.

1. Cardume... de artistas!

Temática para a categoría dos 3 aos 5 anos.

Os participantes tendrán que plasmar nun mural e a través do traballo en equipo, como un cardume, o que ven no mar... Queremos ter a visión dos escolares do que para eles é o mar, nas diferentes zonas.

2. Mergúllate! Quen habita na túa ría?

Temática para as categorías dos 6 aos 12 anos.

Categoría sobre biodiversidade mariña donde os participantes tendrán que plasmar curiosidades da flora e fauna das rías galegas. Os escolares aportarán algo sobre especies características da súa zona que descubriren este verán, que estean estudando na escola, que degustasen por primeira vez ...

3. Cuadrilla oceanográfica!

Temática para as categorías dos 13 anos en diante.

As predicións din que no ano 2050 haberá máis plásticos nos océanos que peixes. Por esta razón, queremos implicar aos participantes de esta categoría nunha actividade de participación cidadá para que involucren a súa localidade en propostas para resolver esta gran ameaza e conseguir o océano que todos desexamos.

Temas Transversais, a valorar polo xurado.

A inclusión na educación.

A Igualdade na Ciencia.

Arenaria Coordinación.

Científicos/as de relevancia.

ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible).

O Parque Nacional M – T Illas Atlánticas de Galicia.

FORMATO DOS TRABALLOS

Propóñense diferentes tipos de traballos para as distintas categorías:

] **Categoría A)** (de 3 a 5 anos) (temática *Cardume...de artistas!*)

-OPCIÓN ÚNICA: MURAL

* pode ser mediante a técnica do collage, debuxo, pintura (ceras, pincel ou de dedos).

] **Categorías B)** (de 6 a 8 anos) e **C)** (de 9 a 12 anos) (temática *Mergúllate! Quen habita na túa ría?*).

_OPCIÓN 1: MAQUETA

_OPCIÓN 2: CÓMIC

*a escoller unha delas.

] **Categorías D)** (de 13 a 16 anos) e **E)** (de 17 anos en diante) (temática *Cuadrilla Oceanográfica!*).

_OPCIÓN 1: ANIMACIÓN audiovisual

_OPCIÓN 2: CÓMIC

*a escoller unha delas.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DOS TRABALLOS E A PARTICIPACIÓN

-Os traballos poderán ser presentados en lingua galega ou en castelán (incluídos os subtítulos, narracións, voz en off, ...)

-Recoméndase que non leven ningunha reseña ao nome do centro participante a fin de afectar o menos posible nas valoracións do xurado.

-No caso de centros educativos:

Non existe a opción de participación individual. O alumnado poderá participar en grupos formados por todo o conxunto da aula, grupos máis reducidos constituídos por persoas da mesma aula, grupos constituídos por persoas de diferentes aulas *pero do mesmo curso*. Tamén poderán participar os grupos formais xa constituídos nos centros educativos como grupos de biblioteca, grupos de normalización lingüística, grupos de traballo, etc

A inscrición na segunda edición do concurso **SALITRE** será específica para cada grupo escolar participante (sexan de distintos niveis ou do mesmo).

-En cada un dos grupos participantes deberá haber un docente/profesional que exerza de coordinador responsable e faga de nexo de comunicación con Arenaria Coordinación, S.L.U. para todo o que o grupo poida precisar.

-Un docente/profesional poderá supervisar varios grupos participantes do mesmo centro.

-O feito de participar no concurso implica o permiso explícito para (ver tamén apartado final de *lexislación*) subir as producións aos canais da entidade promotora Arenaria Coordinación, S.L.U. que se amosan de seguido, así como a aquelas canles das entidades que forman parte do xurado.

- páxina web arenariacoordinacion.com
- canle de Youtube: Arenaria Coordinación
- canle de distribución de Telegram: Arenaria Coordinación SLU
- redes sociais:
 - Instagram: @arenariacoord
 - Facebook: Arenaria Coordinación
 - Twitter: v@arenariacoord
 - LinkedIn: Arenaria Coordinación

Requisitos técnicos

Son especificados para os diferentes formatos:

1. No caso do **MURAL**: As dimensións máximas da construción non superarán 200cm x 200cm e o material do soporte poderá ser: madeira, cartón ou papel e en ningún caso servirá que o mural sexa un traballo realizado en soporte fixo tipo parede.

Nota: segundo as dimensións e o material escollido para o soporte cabe a posibilidade de que o mural non poida ser entregado baixo as indicacións destas bases. Neste caso Arenaria Coordinación acordaría co centro educativo para ir a velo e poder tomar fotos do mesmo.

2. No caso da **MAQUETA**: Que sexa elaborada con materiais de refugallo e outros que vaian na liña da sostibilidade. As dimensións máximas da construción serán de 70cm x 70 cm

3. No caso do **CÓMIC**: Poderá ser en formato papel ou audiovisual.

Para as categorías dos 6 aos 12 anos, a extensión **mínima** será de 4 páxinas.

Para as categorías dos 13 anos e superiores, a extensión mínima será de 6 páxinas.

4. No caso da **ANIMACIÓN**: Poderá ser elaborada no programa informático escollido polo centro (Scratch, etc.)

A duración non excederá dos 3 minutos para as categorías dos 6 aos 12 anos e dos 5 minutos para as de 13 anos e superiores.

-A modalidade dos traballos é libre; sendo en soporte audiovisual (excepto a maqueta e o mural) poderanse elaborar con imaxes, con debuxos, con música, con voces propias, montaxes, etc. E no caso da animación, co programa informático que o grupo participante decida.

-No caso de que se inclúan diálogos ou narracións de voz valorarase que se subtitulen para garantir a súa comprensión a persoas con deficiencias auditivas.

-Tamén se recomenda empregar bandas sonoras libres de dereitos ou contar coas autorizacións expresas correspondentes para poder empregalas; do mesmo xeito é necesario contar co permiso para as imaxes empregadas ou empregar imaxes de uso libre ou propias (ver parágrafo final sobre *Lexislación*).

CRITERIOS DE VALORACIÓN

CREATIVIDADE

O xurado terá en conta a orixinalidade da produción entregada.

A MENSAXE

Terase en conta a adecuación do traballo para transmitir os valores das temáticas principais do concurso, que poña en valor a importancia e o coidado e respecto polos océanos.

ACCESIBILIDADE

Valorarase de xeito específico o esforzo e adaptación realizados para que o traballo presentado sexa accesible.

PREMIOS

Haberá **un premio para a categoría A** e **dous premios por cada unha das catro categorías (B-E)** contempladas nestas bases.

__Os premios de cada categoría estarán repartidos sendo un para cada un dos formatos de traballo contemplados na categoría correspondente (*Ex. : Categoría A de 3 a 5 anos, un so premio a un mural; Categoría B de 6 a 8 anos, un premio a unha maqueta e un premio a un cómic*).

O premio, para cada unha das categorías, consistirá nunha SESIÓN DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA a realizar no curso escolar 2023 / 2024, concretamente no periodo comprendido entre a resolución do xurado (antes de finais de abril) e o remate do mes de maio, nas instalacións do grupo gañador.

As características do obradoiro son as que seguen:

- duración: entre 50´ e 90´
- temática: a escoller polo centro educativo en función do currículo ou doutras temáticas de interese ou de actualidade.
- realizarase nunha sesión única, no espazo que se considere do centro gañador.

PROCEDEMENTO DE PARTICIPACIÓN

a) Inscripción.

__O prazo para inscribirse e comunicar a súa participación comezará a partir do día de recepción destas bases no correo electrónico do centro (luns día 16 de outubro) e finalizará o venres día 3 de novembro ás 15.00h de 2023.

__Para formalizar a inscrición deberase cubrir o formulario web premendo na seguinte ligazón: <https://arenariacoordinacion.com/15aniversario/>

Non se aceptará a participación nin traballo de ningún grupo que non formalizase a inscrición na nosa web.

__Para dúbidas ou consultas podedes poñervos en contacto a través de:

* Correo electrónico, escribindo a:

info@arenariacoordinacion.com

comunicacion@arenariacoordinacion.com

* Teléfono: 608 98 92 58 - 633 33 54 63

b) Entrega dos traballos.

] Para o caso do mural e das maquetas: poderanse entregar en persoa na seguinte dirección, sede da entidade promotora, en horario de luns a venres de 16.30h a 19.30h do 1 ao 15 de marzo de 2024 ambos incluídos (este día ata as 15.00h, data límite do concurso), avisando previamente.

Rúa do Carmen, 24, Padrón

] Para o caso de animacións: entregaranse a través dun enlace de We Transfer ou Google Drive, que se enviará a Arenaria Coordinación, S.L.U. ou, se o peso do arquivo o permite, a través do correo electrónico info@arenariacoordinacion.com ata o 15 de marzo de 2024 ás 15.00h

] Para o caso de cómics:

* en formato físico: poderanse entregar en persoa na seguinte dirección, sede da entidade promotora, en horario de luns a venres de 16.30h a 19.30h do 1 ao 15 de marzo de 2024 ambos incluídos (este día ata as 15.00h, data límite do concurso).

Rúa do Carmen, 24, Padrón

* en formato dixital: ben a través do correo electrónico info@arenariacoordinacion.com ou a través dun enlace de Google Drive ata o 15 de marzo de 2024 ás 15.00h

c) Prazo

O prazo límite para entregar as creacións será o vindeiro 15 de marzo de 2024 ás 15.00h

Os centros poderán consultar calquera dúbida do proxecto ou do concurso escolar a través das direccións de correo electrónico facilitadas ou nos números de teléfono móbil indicados.

XURADO

O xurado estará formado por unha comisión presidida por María Josefa Calvo Tarrío, en representación da entidade promotora Arenaria Coordinación, S.L.U. ou persoa en quen delegue, e integrada por unha persoa representante das entidades que se mencionan de seguido:

- *José Antonio Fernández Bouzas. Director-Conservador do Parque Nacional Marítimo Terrestre Illas Atlánticas de Galicia.*
- *Rogelio Santos Queiruga. Pescador e divulgador.*
- *Lidia Nieves Domínguez. Graduada en Belas Artes.*
- *Juan Martínez. Presidente Fundación Down Compostela.*
- *Lara García Alves. Divulgadora científica Grupo ECOBIOMAR (IIM CSIC – Consello Superior de Investigacións Científicas).*

O xurado reunirse no Epistolario da Fundación P.G. Camilo José Cela para deliberar e seleccionar aos gañadores do concurso.

LEXISLACIÓN

1. DEREITOS A TERCEIROS

Si se empregase calquera contido (imaxe, música, etc) propiedade de terceiros, os centros participantes deberán asegurarse de que están libres de dereitos ou que dispoñen dos correspondentes dereitos de imaxe/voz ou de propiedade intelectual.

2. PROTECCIÓN DE DATOS

Aos datos persoais tratados no marco do concurso ao que o centro se inscribe, incluíndo tantos os datos identificativos, como imaxe e/ou voz que puideran aparecer nos traballos presentados ao mesmo tempo, resultarlles aplicable a Normativa en Protección de Datos Persoais.

Adicionalmente, mediante a aceptación das presentes Bases, os centros participantes ceden a Arenaria Coordinación, S.L.U., de xeito gratuito, para todo o mundo e sen límite de tempo, con facultade de cesión a terceiros, os dereitos de imaxe que puideran corresponderlles como consecuencia da súa participación no Concurso, coa finalidade de xestionar a súa participación no mesmo, a súa publicidade e os seus resultados.

Así pois, dentro da finalidade anunciada no parágrafo anterior, o participante consinte a totalidade dos seus usos.

Os centros participantes manifestan expresamente baixo a súa responsabilidade, con total indemnidade para Arenaria Coordinación, S.L.U., ter recollido o consentimento expreso e inequívoco de todos os titores/as legais, pais ou nais dos menores cuxos datos poidan aparecer nos traballos presentados ao concurso, para a cesión dos datos persoais e dereitos de imaxe a Arenaria Coordinación, S.L.U.

O participantee xime de calquera tipo de responsabilidade a Arenaria Coordinación, S.L.U. ante calquera demanda ou reclamación formulada por parte de terceiros sobre vulneración de dereito algún de propiedade industrial ou intelectual relacionada coa obra presentada ao concurso.

O responsable de Tratamento dos datos persoais é Arenaria Coordinación, S.L.U. con dirección en C/ Carmen nº 24 - 15900 Padrón, (A Coruña) e correo electrónico info@arenariacoordinacion.com

Os datos serán tratados coas finalidades descritas nestas bases, dacordo coa actual normativa de protección de datos, reglamento Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos (Reglamento General de Protección de Datos) e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de datos persoais e garantía de los derechos digitales (LOPDGDD).

A lexitimación deste tratamento será o consentimento e a aceptación das bases do Concurso. Poderá consultar información detallada sobre protección de datos na páxina web de Arenaria Coordinación, S.L.U. ou solicitala en info@arenariacoordinacion.com

Información completa da segunda edición do [SALITRE](#), na seguinte ligazón:

<https://arenariacoordinacion.com/15aniversario/>

En Padrón, a 16 de outubro de 2023
Asdo.:

ARENARIA COORDINACIÓN, S.L.U.